Previo o inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de replanteo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.200€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 24€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 2 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.17) SOLICITUDE DE D. JOSE ANTONIO MIGUEZ LOPEZ, RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE GALIÑEIRO EN VILA(RIGUEIRA).

Vista solicitude formulada por D. José Antonio Míguez López con D.N.I nº: 33.763.849-X con domicilio en Vila,12 (27879 Rigueira), para realización de obras de construción de galiñeiro en Vila, según plano que se xunta á solicitude.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, subscrita pola interesada, a instalación auxiliar que se pretende realizar, atopa dentro do area delimitada como chan non urbanizable de núcleo rural, de acordo coas vixentes normas subsidiarias do concello de Xove, e ao amparo do Artigo 24 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia ; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

Aplicarase o réxeme previsto para núcleos rurais.

A edificación que se solicita, terá a consideración de edificación auxiliar ao servizo da edificación principal. as condicións de edificación se atenderán ao especificado no artigo 25, 27 e 29 da Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002.

Tipologías e condicións urbanísticas ao amparo do meritado artigo 29.

Materiais: cerramentos en mampostería concertada ou bloque de hormigón pintado ou calquera material compatible co ámbito en que se sitúa, tal como malla plastificada en cor.

Altura máxima da instalación....2,50 metros.

Infórmase favorablemente a solicitude presentada, debendo axustarse as obras na súa totalidade ao solicitado, tanto no que á construción se refire coma á súa actividade.

Así mesmo as obras que se pretenden, non podrezan impactar negativamente no ámbito en que se sitúan

Os retranqueos a vial, axustásenlle ao previsto no título v: normas de ordenación dos sistemas, artigo 84 do capítulo i. -sistema viario, das normas subsidiarias en vigor do concello de Xove.

Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto levantar a correspondente acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 200€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 4€

4º) Fíxase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.18) SOLICITUDE DE D. JOSE COCIÑA QUELLE RELATIVO A RECHEO DE TERRAS EN PARCELA SITA EN ALBARÁN-SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. José Cociña Quelle con D.N.I nº: 77.591.722-A con domicilio en Avda. Diputación, 25 3º C (27870 Xove), para realización de obras de recheo de parcela sita en Albarán Sumoas de 40 M³

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación achegada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro do área delimitada como Chan non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente normativa Urbanística do Concello de Xove. adscrita á vixente Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Protección do Medio Rural de Galicia; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

O movemento de terras adaptácese por completo ao volume de 40 m³ solicitados.

Durante a realización dos traballos, debera estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.

As obras dispondrán do correspondente seguro de responsabilidade civil.

O ámbito da zona de traballo e acceso a este dende viais municipais deberá estar perfectamente limpo.

A saída de camiós a viais públicos debera estar perfectamente sinalizado así como perfectamente limpa esa área de circulación, tanto durante a execución dos traballos como ao finalizalos.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo

pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 100€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.19) SOLICITUDE DE D. AUTOMOVILES BANGO S.L. (ANTES AUTOS INSUA S.L. PARA LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN NO POLIGONO INDUSTRIAL DE CAMBA- PARCELA 45.

Vista solicitude formulada por Automóviles Bango S.L. (antes Autos Insua S.L.) con CIF B-27.302.959 con domicilio en Polígono Industrial de Xove, parcela 45 (27877 Xove) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira utilización, para nave industrial con destino a taller, exposición e venda de automóviles sito en Polígono Industrial de Camba, parcela 45 (Xove).

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“Obra prevista en proxecto: nave industrial con destino a taller, exposición e venda de automóviles.

Licenza outorgada: Nave industrial con destino a taller, exposición e venda de automóviles.

Obra executada: a prevista en proxecto. -

CERTIFICO: A obra solicitada e aprobada, atopa executada na súa totalidade, e adaptada á vixente normativa urbanística, de acordo coa certificación de final de obra emitida polo seu director, D. Pablo Sánchez Fernández, para a nave situada nesa área do polígono industrial de camba, Parcela Nº 45, podéndose outorgar a correspondente licenza de primeira utilización.”

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de nave industrial con destino a taller, exposición e venda de automóviles sita na parcela 45 do Polígono Industrial de Camba-Xuances, e que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de primeira utilización, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 518,61€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo

pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.20) SOLICITUDE DE D. JULIO AGUIRRE HERRERO PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. Julio Aguirre Guerrero con D.N.I. nº 33.503.669-Y con domicilio en Copos, 51 (28260 Galapagar-Madrid) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Portocelo, 11 (Xove).

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

Obra prevista en proxecto:

Edificio para vivenda unifamiliar en Portocelo.-Xove.

Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e un altillo interior para unha vivenda.

Obra executada:

Vivenda unifamiliar composta de, planta baixa e un altillo interior para vivenda, totalmente executada e en perfectas condicións de habitabilidade.

Certifico: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co decreto 311/1992 do 12 de novembro da consellería de ordenación do territorio e obras públicas.

O volume da obra executada, adáptase ao previsto no proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente normativa urbanística do concello de Xove.

Ordenanza de aplicación. -chan non urbanizable de núcleo rural. -

A obra executada, adáptase a normativa. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente licenza de primeira utilización.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Portocelo, 11 (Xove) que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 137,50€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.21) SOLICITUDE DE PRORROGA DE LICENCIA A D. FRANCISCO MENDEZ TRIGO EN CANELAS-PORTOCELO.

Dada conta do escrito presentado por D. Francisco Méndez Trigo, con D.N.I. nº: 76.544.228-K , e con domicilio en Canelas, 11 (27877 Portocelo), no que solicita

prorroga da licenza de obra para a construción de vivenda unifamiliar en Canelas (27877 Portocelo); pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria e visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, acórdase:

1º) Adherirse ó informe do Arquitecto Técnico Municipal que se transcribe literalmente: “O solicitante obtivo a pertinente licenza deste Concello para a construción dunha vivenda unifamiliar composta de semisótano e unha planta para vivenda en Comisión de Goberno do 23 de decembro de 2004.

Na actualidade, pódense considerar executadas a 50% do total das obras previstas.

Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se pretende situar a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prorroga para a finalización das obras que se están a executar, ao amparo do Artigo 197.2 da LOUPMRG da Lei 9/2002 modificada pola 15/2004 do 30 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día, outorgándose esta prorroga por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.

As obras, unha vez finalizadas, e para a obtención da correspondente licenza de 1ª utilización, deberán adaptarse na súa totalidade ao proxecto presentado, mediante o cal se obtivo a licenza, ou no seu defecto ao previsto no artigo 29 da LOUPMRG 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 30 de decembro.”

2º) Autorizar a prórroga solicitada, nas condicións establecidas polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A notificación ó interesado, os efectos oportunos.

B.22) SOLICITUDE DE D. TOMAS SOTO LOPEZ RELATIVO A VIVENDA UNIFAMILIAR EN CAMPOSUSAO-XUANES.

Vista solicitude formulada por D. Tomás Soto López con D.N.I nº: 33.304.140-N con domicilio en Cruceiro, 29 (27877 Xuances), para realización de obras de construción de vivenda unifamiliar en Camposusao-O cruceiro.-Xove.Polígono nº 21.Parcela nº 150: Referencia catastral:27025A021001500000J.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a edificación que se pretende realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo arquitecto don Jesús Fernández López, sitúase dentro do area delimitada como Chan non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Camposusao- Cruceiro.-Xove.

Achegase en proxecto plano catastral coa referencia correspondente así como a situación da parcela dentro da cartografía catastral asinada por a arquitecto autora do proxecto básico. Núcleo Rural. - Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección de Medio Rural de Galicia, modificada por Lei 15/2004 de 29 de decembro. Asimesmo, en proxecto, xustifícase, no apartado. nº 5 da memoria urbanística. Datos comparados, así como no plano de localización nº1, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente normativa urbanística. A edificación que se pretende, de acordo co proxecto que se achega, adáptase á tipología do entorno; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

As condicións de edificación adaptaránse ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro.

A cuberta deberá ser de lousa para o seu adecuación ao ámbito en que se ubica. Solo se permite unha vivenda unifamiliar por parcela, ni vivendas pegadas, nin pareadas.

No proxecto achegado, no seu apartado 5.3 da memoria, xustifícase o cumprimento do código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na Lei de Ordenación da Edificación no referente a: cumplimiento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (Db-Se).

Co proxecto de execucion a debera xustificar o cumprimento do Código Técnico no referente aos apartados de: Cumplimiento e xustificación do db de seguridade de utilización.

(DB-SU). Cumplimiento e xustificación do db de enerxía. (db-he). en proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais coa construción de foxa séptica, polo que previo á concesión da licenza de primeira utilización, a debera garantir o cumprimento do previsto no articulo 29.g da Lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro, sobre a esixencia de ter resoltos os servizos básicos da edificación.

A foxa séptica prevista debera gardar as distancias regulamentarias con calquera pozo de captación de auga existente e cos predios colindantes.

O tratarse dun proxecto básico, previo ao inicio das obras e antes da acta de reformulo, deberase presentar nas dependencias municipais, o correspondente proxecto de execución, sen o cal non se poden iniciar as obras, así como a designación dos técnicos responsables dos diferentes apartados da execución da obra, Director de Obra, Director de Execución e Coordinador de Seguridade.

Dito proxecto de execución deberase presentar nas dependencias municipais nun prazo non maior de seis meses dende a data do outorgamento da licenza de obra.

Coa achega do proxecto de execución deberá aportarse a correspondente documentación dos Técnicos Directores de Obra, Arquitecto e Arquitecto Técnico, así como o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras.

Asimesmo e habida conta da situación da parcela, nunha zona de transición entre Núcleo Rural e de Protección, deberase realizar plano de reformulo claramente definido da situación da parcela e da edificación con respecto de as diferentes delimitacións de cada area, e a superficie resultante de parcela edificable, de acordo coa normativa de núcleo rural, de 600 m² mínimos, e os correspondentes retranqueos a lindeiros e vial. se achegase igualmente a cédula de identificación catastral da parcela, ou a escritura da mesma.

Ditos documentos aportaranse conxuntamente co proxecto de execucion e para os efectos de comprobación co acta de replanteo.

Recordase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branco e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que debera cumprir se con todos o seu datos: promotor das obras, construtor, nº de expediente de licenza, data de inicio e finalización, así como os técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, ao igual que o coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras.

Una vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de primeira utilización de acordo co articulo 195.6 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de diciembre.

Antes do inicio das obras, por parte de os servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e no que a normativa se refire con independencia das aliñacións e distancias dependente de outras administracións.

Os retranqueos a vial, axustánsese ao previsto no título V: Normas de Ordenación dos sistemas, Artigo 84 do capítulo I. -sistema viario, das normas subsidiarias en vigor do concello de Xove.

Carretera municipal. -(vial entre núcleos)

línea de edificación....10 metros.

línea de cierre.....5,00 metros do eje,(sempre que esta distancia sexa superior a 1,5 metros do borde).

Viales interiores de núcleo:

Edificación consolidada.....4,00metros a eje.

Edificación non consolidada.(aislada).....7,00 metros a eje.

Cerre de parcela.....4,00 metros en ambos os dous casos.

Asimesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, a deberan reflectir as areas de cesión por retranqueo de aliñacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio publico, e que quedase reflectido na correspondente acta de conformidade do reformulo, por parte do promotor. infórmase favorablemente o proxecto presentado

OBSERVACIONES: non se poderán iniciar as obras sen a aportación documental do proxecto de execución e a súa correspondente documentación adicional, así como a obrigatoria acta de replanteo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 111.179,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2.223,58€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.23) SOLICITUDE DE D. DON RAFAEL LOPEZ PRADO RELATIVO A MODIFICADO DE PROYECTO BASICO Y DE EJECUCION PARA AMPLIACION DE VIVIENDA UNIFAMILIAR.

Vista solicitude formulada por D. Rafael López Prado con D.N.I nº: 33.812.055-P con domicilio en c/ Nicolás Cora Montenegro, 53 2º C (27850 Viveiro), para modificado do proxecto básico e de execución para ampliación de vivenda unifamiliar en Reboredo.-Xuances.-Xove.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a edificación a licenza de obra da cal se pretende ampliar, dispón de licenza municipal aprobada en

Comisión de Goberno do 7 de xaneiro de 2.004. De acordo coa documentación presentada, subscrita polos arquitectos don Santiago Meitin Miguez e Don Miguel Fernández Cata, sitúase dentro do area delimitada como Chan non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas Subsidiarias do Concello de Xove Reboredo.-Xuances.-Xove Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro. Asimesmo, no apartado de proxecto, memoria urbanística. -datos comparados apartado 1.2 e no plano de localización ou-0, xustifícase a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente normativa urbanística ; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

A edificación que se pretende, de acordo co proxecto que se achega, adáptase á tipología do ámbito.

Solo se permite unha vivenda unifamiliar por parcela. Nin vivendas pegadas, nin pareadas.

As condicións de edificación adaptásense ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais coa construción de foxa séptica, polo que previo á concesión da Licenza de Primeira Utilización, se deba garantir o cumprimento do previsto no artigo 29.g da lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro, sobre a esixencia de ter resoltos os servizos básicos da edificación.

Asimesmo a devandita foxa séptica deba gardar as distancias regulamentarias a lindantes, pozo ou manantial que puidesen existir no ámbito.

Asimesmo recórdase ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deba cumprirse con todos os seus datos: promotor das obras, construtor, nº de expediente de licenza, data de inicio y finalización, así como os técnicos directores de obra, arquitecto y arquitecto técnico, ao igual que o coordinador de seguridade y saúde durante a execución das obras.

Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deba solicitar a correspondente licenza de primeira utilización de acordo co artigo 195.6 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, se deba levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e de normativa se refire con independencia das aliñacións e distancias dependente doutras administracións.

Asimesmo, previo ao inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, habida conta da situación da parcela, nunha zona de transición entre núcleo rural, e rústico de protección ordinaria, se deba realizar plano de reformulo claramente definido da situación da parcela e da edificación con respecto das diferentes delimitacións de cada area, e a superficie resultante de parcela edificable, de acordo coa normativa de núcleo rural, de 600 m² mínimos, e os correspondentes retranqueos a lindeiros e vial.

Os retranqueos a vial, axustáense ao previsto no título v: normas de ordenación dos sistemas, artículo 84 do Capítulo I. -sistema viario, das normas subsidiarias en vigor do Concello de Xove.

Carretera municipal. -(vial entre núcleos):

Liña de edificación....10 metros.

Liña de cierre.....5,00 metros do eje,(sempre que esta distancia sexa superior a 1,5 metros do bordo).

Viales interiores de núcleo:

Edificación consolidada.....4,00 metros a eixe.

Edificación non consolidada.(aislada).....7,00 metros a eixe.

Peche de parcela.....4,00 metros en ambos os dous casos.

Asimesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, se deberán reflectir as áreas de cesión por retranqueo de aliñacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio público.

Informase favorablemente a variación e ampliación do proxecto presentado.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 37.379,23€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 747,58€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE OUTUBRO DE 2007

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ó mes de outubro de 2007, por importe de 273,88€

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) ESCRITO DE JUAN LUIS GONZÁLEZ EN REPRESENTACIÓN DO “CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN” PÉREZ SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

Vista solicitude de D. Juan Luís González Pérez, en calidade de director do CEIP Pedro Caselles Rollán e con domicilio en rúa Agramonte, 23 (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 3.000,00€ na Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2007 .

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 3.038,50.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 900,00€

D.2) ESCRITO DE ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA DE XOVE SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AÑO 2007.

Vista solicitude de D. Ovidio Rouco Otero, en calidade de Tesoreiro da A.C.D de Xove, con domicilio en Baamonde Illade, 22 (27877 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 15.90,00€ na Xunta de Goberno Local do 6 de marzo de 2007.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 21.078,11.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 4.770,00€

D.3) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDAS CONCEDIDAS A EMPRESARIOS AUTÓNOMOS.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polos solicitantes, referida ó exercicio 2007, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento das axudas concedidas segundo as bases establecidas ó efecto para os beneficiarios e polas contías que se relacionan seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do autónomo	Actividade	Períodos	Contía
Francisco Glez Chica. DNI: 51664340-S Pena, 9 (27877 Xuances)	Hostalería carnicería	Xaneiro a xuño de 2007	601,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.4) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A VARA-XUANCES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Maribel Guerreiro Abad, con D.N.I. nº: 76.563.291 - V, con enderezo no Centro Social de A Vara (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/02/2007 ó 31/07/2007, producíronse uns ingresos de 7.560,50€ e uns gastos de 4.564,60€ sendo os beneficios no período de referencia de uns 2.995,9€ polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade cos acordos de 14 de decembro de 1998 e 13 de xaneiro de 1999 a tenor dos cales se establece a subvención máxima a percibir por importe de 2.102,34€ e visto que transcorreron outros seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.051,17€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de

rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederáse no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.5) SOLICITUDE DE D. MANUEL REGO BERMUDEZ DE SEGREGACION DE PARCELAS SITA CRUCEIRO – CAMBA (XUANCES).

Dada conta do escrito presentado por D. Manuel Rego Bermúdez, con D.N.I. nº 33784922 - S, e con domicilio en Cruceiro, 24(27877 Xuances), no que solicita segregación de parcela sita en Cruceiro – Camba. Polígono 21 Parcela 418. Referencia catastral: 27025A021004180000JI, segundo o deseño que se xunta.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que a parcela que se pretende segregar, sitúase dentro da area delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleos Rurais.- Artigo 103. Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Solo de Núcleo rural de acordo co Artigo 24 da Lei 15/2004 de 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro. Núcleo Rural Tradicional de Cruceiro – Camba.

De acordo coa documentación achegada, subscrita polo Arquitecto D. Jesús Fernández López, e referida a actual Normativa en vigor, na que se xustifica o estipulado no Artigo 13 da Lei 9/2002, referido a delimitación de Núcleo rural consolidado, así como polo disposto no Artigo 205 da Lei 9/2002, segregación de nova parcela, da matriz con edificación e polas dimensións das parcelas, pódese realizar a segregación que se solicita, sempre e cando resulte de cada unha das parcelas segregadas, unha superficie mínima de 600m², con fachadas ambas a vía de acceso e posibilidade de retranquear 3 metros, calquera edificación dentro de cada unha das parcelas resultantes, cos lindes lindeiros, así como as correspondentes distancias frontais a vías.

O amparo do estipulado no Artigo 205, tratase claramente dentro dunha parcela da mesma propiedade na que se pretende separar unha parte de parcela para á creación de outra nova dentro do núcleo rural e perfectamente edificable pola superficie e designada como Parcela nº: 1, para unha sola vivenda unifamiliar, e a Parcela nº: 2 como resto da matriz igualmente edificable para outra única vivenda unifamiliar, respectándose deste modo o espírito da Lei do Solo de Galicia de evitar a creación de urbanizacións encubertas dentro do ámbito do núcleo rural de Galicia.

Así mesmo e a maior abundamento, o Decreto 330/1999 do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, fixa para o Concello de Xove, 20 áreas para secano e 20 áreas para regadío, polo que en calquera caso, estas dúas parcelas resultantes da segregación, que se solicita dentro da delimitación de núcleo rural de Cruceiro – Camba, superan a unidade mínima de cultivo que se esixe para solo rústico.

Por todo o anteriormente exposto informase favorablemente a segregación que se solicita, quedando a configuración definitiva da finca segregada coas superficies seguintes:

Parcela matriz A.....4.340,00m².

Parcelas resultantes da segregación proposta:

Parcela nº:1 edificable.....2.242,00m².

Parcela nº:2 edificable.....2.098,00m².

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado do presente acordo ó interesado así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.6) SOLICITUDE DE D. ANTONIO PEREIRA DE ROSENDE DE BAIXA NO PADRÓN DE VEHÍCULOS EXENTOS POR MINUSVALÍA.

Vista a solicitude formulada por D. Antonio Pereira de Rosende, con D.N.I: 33825638 - K, con domicilio en Camiño Apeadero, 18-2 1ºC (27870 Xove), no que solicita a baixa no Padrón de minusvalías do seu vehículo Opel Corsa matrícula LU-8190-S, motivado pola adquisición doutro vehículo.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Aprobar a baixa do vehículo Opel Corsa matrícula LU-8190-S de D. Antonio Pereira de Rosende como exento no Imposto Municipal de Vehículos.

2º) A notificación o interesado, para os efectos procedentes.

3º) A remisión do presente acordo ó Servicio Provincial de Recaudación, sito en C/Tuy, 5 27004 (Lugo).

D.7) ESCRITO DE D. ANTONIO PEREIRA DE ROSENDE SOLICITANDO EXENCION POR MINUSVALÍA DO IMPOSTO MUNICIPAL DE VEHICULOS.

Visto escrito de D. Antonio Pereira de Rosende con D.N.I nº: 33825638 - K, con domicilio en Camiño Apeadero, 18-2 1ºC (27870 Xove) no que presenta certificado de minusvalía con grado 73%, sendo titular dun vehículo Opel Astra con matricula 8799-FNK; visto que o R.D.L. 2/2004 outorga a exención de pagar o Imposto Municipal de Vehículos ás persoas que teñan un grado superior ó 33%; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Autoriza-la exención do vehículo de marca Opel Astra con matricula 8799-FNK de D. Antonio Pereira de Rosende.

2º) A remisión do presente acordo ó Servicio Provincial de Recaudación, sito en C/Tui, 5 27004 (Lugo), os efectos de que o devandito vehículo quede exento de pagar o importe Municipal de Vehículos no presente ano 2007 e sucesivos.

3º) A remisión ó interesado, os efectos procedentes.

D.8) ESCRITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN RELATIVO A RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D. JESUS MIGUEZ PEREZ.

Por Secretaría dáse conta do escrito remitido polo Servicio Provincial de Recaudación en relación á reclamación de Maderas Míguez S.L con CIF B27.277.326, para que sexa ó Concello de Xove quen se pronuncie sobre o cobro do IAE, exercicio 2003, epigrafe 617.3.

Vista a documentación remitida polo Servicio de Recaudación de Lugo, enviando copia do fallo do Tribunal Económico-Administrativo Regional de Galicia no que se estima en parte a reclamación efectuada, acordando que sexa o propio Concello de Xove quen se pronuncie no asunto epigrafiado.

Visto informe da Interventora Municipal de data 24-10-2007 obrante no expediente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Denegar a reclamación presentada en base ós argumentos reflectivos do informe de Intervención anteriormente referenciado; dando traslado ó solicitante dunha copia autenticada do mesmo.

D.9) APROBACION DAS BASES REGULADORAS DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FIN DE ESTUDOS PARA O CURSO 2007-2008.

A proposta da Alcaldía – Presidencia, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación das bases reguladoras dos premios extraordinarios de fin de estudos para o curso 2007-2008, que de seguido se transcriben:

“A.- OBXECTO E FINANCIAMENTO

Os premios extraordinarios de fin de estudo, concedidos e financiados integramente polo Concello de Xove, teñen como finalidade a de potenciar a calidade do traballo realizado polos estudantes ó longo de toda a carreira ou ciclo, sen menoscabo doutros premios concedidos, financiados ou patrocinados por outros organismos, empresas ou institucións.

Aos efectos das presentes Bases, enténdese por premio extraordinario de fin de estudos ós correspondentes a estudos universitarios de primeiro e segundo grao así como de ciclos formativos de nivel superior.

Só se premiarán os estudos oficiais regrados con recoñecemento do Ministerio de Educación como Carreira Universitaria ou Ciclo Formativo de nivel superior.

Os premios regulados nas presentes Bases serán financiados con cargo á partida 422.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal.

B.- MODALIDADES E CONTÍA DOS PREMIOS

1.- Premio extraordinario de 6.000,00 euros para alumnos que terminen os seus estudos universitarios de primeiro grao con nota media de SOBRESAÍNTE

2.- Premio extraordinario de 3.000,00 euros para alumnos que terminen os seus estudos universitarios de segundo grao con nota media de SOBRESAÍNTE

3.- Premio extraordinario de 1.200,00 euros para alumnos que terminen os seus estudos de ciclo formativo de nivel superior con nota media de SOBRESAÍNTE

4.- Premio extraordinario de 3.000,00 euros para alumnos que terminen os seus estudos universitarios de primeiro grao con nota media de NOTABLE

5.- Premio extraordinario de 1.500,00 euros para alumnos que terminen os seus estudos universitarios de segundo grao con nota media de NOTABLE

6.- Premio extraordinario de 600,00 euros para alumnos que terminen os seus estudos de ciclo formativo de nivel superior con nota media de NOTABLE

C.- REQUISITOS XERAIS PARA TODOLOS SOLICITANTES

Os interesados na concesión dun premio extraordinario de fin de estudos deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüidade mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

2.- Incompatibilidades.

Os presentes premios son incompatibles entre sí.

Non obstante, os alumnos que tendo rematado un estudo universitario de grao medio ou un ciclo superior, e fosen candidatos a obter premio extraordinario, se desexen continuar os seus estudos, disporán do prazo de un ano académico para realizar a solicitude, e valorar optar ó premio de titulación superior.

D. NORMAS E REGRAS DE XESTIÓN

A puntuación que se corresponderá con cada nota será a seguinte:

Estudios universitarios	Estudios medios
Aprobado.....6	Aprobado.....5,5

Notable.....	7,5	Notable.....	7,5
Sobresaínte.....	9,5	Sobresaínte.....	9,5
Matrícula de honra.....	10	Matrícula de honra.....	10
Ben.....	6		

Para conseguir unha nota media de sobresaínte hai que acadar no cómputo total unha nota media de 9 puntos, metras que para conseguir o notable a nota esixida será de 7 puntos para estudos universitarios e 7.5 para ciclos formativos.

Cando a nota obtida nos estudos sexa numérica, contabilizarase a nota que veña reflexada no libro escolar ou no certificado de estudos independentemente das correspondencias anteriores.

Para realizar o cálculo da nota media tomaranse as calificacións obtidas polo alumno na convocatoria de xuño, sumándose entre sí as do mesmo curso e dividindo posteriormente polo número total de asignaturas en dito curso. No caso de que algunha asignatura non se superase no mes de xuño ou non se presentase o alumno, realizarase previamente a nota media de dita asignatura (nota de curso suspensa en xuño e nota do curso aprobada en setembro) contando como 1 punto o M.D. e coma 3 puntos o INSF. ou N.P. O mesmo se realizará cando unha asignatura non se supere nun curso académico

No caso de que o alumno non estea matriculado do curso completo calcularanse as asignaturas que falten na súa matrícula como N.P.

E.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acceder ós premios deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ó Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días hábiles a partir do 15 de novembro ata o 11 de decembro de 2.007. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución do Sr. Alcalde-Presidente. Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

F. SUBSANACIÓN DE DEFECTOS DA SOLICITUDE OU DOCUMENTACIÓN

Se a solicitude ou documentación presentada non reúne os requisitos esixidos nas presentes Bases, requirirase ó interesado para que nun prazo de 5 día hábiles subsane os defectos apreciados na solicitude ou documentación, con apercibimento de que de non facelo así, entenderase desistido da súa petición, emitíndose resolución declarando tal circunstancia.

G.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- a.- Impreso de solicitude
- b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante
- c.- Certificado de empadramento
- d.- Dúas fotografías tamaño carné
- e.- Libro de calificacións ou certificado orixinal de estudos
- f.- Aqueles alumnos que soliciten premio extraordinario por estudos cursados no estranxeiro, deberán de presentar homologación oficial de ditos estudos en España para poder optar á concesión do mencionado premio.

A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non do premio.

H.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS

O órgano competente para a aprobación das presentes Bases, interpretación das mesmas así como para a concesión dos premios será a Xunta de Goberno Local. Non obstante, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e con carácter previo á celebración da sesión da Xunta de Goberno e para a valoración das solicitudes presentadas, reunirse a Xunta Municipal de Portavoces, asistida pola Asistente Social, Interventora Municipal, ou persoas en quen deleguen, levantándose Acta polo Secretario Municipal.

I.- FORMA DE PAGO DOS PREMIOS

O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

J.- VERIFICACIÓN E CONTROL

As adxudicacións de premios poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos.

Co fin de determinar os mecanismos máis adecuados de situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación dos premios, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes ou beneficiarios dos premios, a presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello de Xove para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación do premio.

Para intensificar o control que evite o fraude na documentación examinada para obter o premio, o Concello poderá determinar que se da ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

K. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios dos premios as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- De revogarse a concesión dunha bolsa ou axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas
- 3.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que o rexen
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A resolución de concesión quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais para 2.007.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios académicos en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. Non obstante, mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou resolución de Alcaldía, poderán ser variadas as datas e os prazos de presentación de solicitudes anuais.

D.10) BASES REGULADORAS DAS BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDO PARA O CURSO 2.007-2.008.

A proposta da Alcaldía – Presidencia, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación das bases reguladoras das axudas o estudo para o curso 2007 – 2008, que de seguido se transcriben:

“1.- MODALIDADES DE BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDO PARA O CURSO 2.007-2.008

MODALIDADE 1.- Bolsas e axudas ó estudo universitario.

MODALIDADE 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.

MODALIDADE 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación

MODALIDADE 4.- Axudas para compra de material escolar.

MODALIDADE 5.- Axudas para ciclos formativos existentes en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, en concepto de desprazamento.

MODALIDADE 6.- Axudas de comedor para estudantes que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus estudos.

2.- BASES REGULADORAS DAS BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDO PARA O CURSO 2.007-2.008

A.- OBXECTO E FINANCIAMENTO

Aos efectos das presentes Bases, enténdese por Bolsa ou Axuda ó estudo “toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases para o curso académico 2.007-2.008”

As Bolsas teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do aloxamento, material e pago das taxas ou prezos de quen se atope realizando estudos no curso 2.007-2.008 que a continuación se establecen, coas dotacións máximas anuais e demais condicións que se fixan a continuación:

-Bolsas para estudos universitarios, dotadas con 1.200,00 €cada unha.

-Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 €cada unha.

-Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 €cada unha

-Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:

a.- Preescolar: 65,00 €

b.- Primaria e ESO: 60,00 €

c.- Bacharelato: 125,00 €

d.- Ciclos formativos: 125,00 €

-Axudas para ciclos formativos dentro da Comarca, en concepto de desprazamento, dotadas con 300,00 €cada unha

-Axudas de comedor para estudantes que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus estudos, dotadas con 240,00 €cada unha.

As bolsas e axudas reguladas nas presentes Bases serán financiadas con cargo á partida 422.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal.

B.- REQUISITOS XERAIS PARA TODOLOS SOLICITANTES

Os interesados na concesión dunha bolsa ou axuda ó estudo deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:

1.- Empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüedad mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Este requisito deberá cumprirse ó longo de todo o curso escolar.

2.- A renda per cápita familiar, englobando os ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia, non poderá superar as contías establecidas para cada unha das modalidades de bolsas e que a continuación se relacionan:

a.- Modalidade 1: 5.500,00 €

b.- Modalidade 2: 5.000,00 €

c.- Modalidade 3: Sen límite

d.- Modalidade 4: 4.500,00 €

e.- Modalidade 5: Sen límite

f.- Modalidade 6: 4.500,00 €

No caso da Modalidade 1, o límite incrementarase a razón de 500,00 € por cada fillo universitario adicional.

3.- Incompatibilidades.

As distintas axudas e bolsas serán incompatibles entre sí coas seguintes excepcións:

-As modalidades 2, 5 e 6 serán compatibles coa modalidade 4

-As modalidades 5 e 6 serán compatibles entre sí.

4.- Destina-la axuda á finalidade para a que se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia a clase, presentación de exames, aloxamento, estancia, transporte e pago de taxas ou prezos que podan corresponder.

C.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADAS BOLSAS E AXUDAS

Para o disfrute das axudas da Modalidade 1 de estudos universitarios, é condición indispensable non ter máis de dúas asignaturas suspensas de cursos anteriores, sempre e cando o alumno estea matriculado dun curso completo ou dun número de asignaturas non inferior a cinco. E así proporcionalmente ó número de asignaturas.

A Modalidade 5 de axudas para estudos de ciclos formativos dentro da comarca en concepto de desprazamento requirirá non poder utilizar o autocar gratuíto que facilita o Concello. O uso do autocar gratuíto só parcialmente por problemas de horario, permitirá percibir o 50% da contía da axuda.

D.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acceder ás bolsas e axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ó Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días hábiles a partir do 15 de novembro ata o 11 de decembro de 2.007. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución do Sr. Alcalde-Presidente. Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

E. SUBSANACIÓN DE DEFECTOS DA SOLICITUDE OU DOCUMENTACIÓN

Se a solicitude ou documentación presentada non reúne os requisitos esixidos nas presentes Bases, requirirase ó interesado para que nun prazo de 5 día hábiles subsane os defectos apreciados na solicitude ou documentación, con apercibimento de que de non

facelo así, entenderase desistido da súa petición, emitíndose resolución declarando tal circunstancia.

F.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

a.- Impreso de solicitude

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante

c.- Fotocopia do Libro de Familia

d.- Certificado de empadramento e convivencia

e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda

f.- Copia compulsada da declaración da renda de tódolos maiores de idade da unidade familiar. Caso de non estar obrigados a presentar tal declaración, presentaranse nóminas ou certificacións acreditativas dos ingresos obtidos durante o pasado ano, así como certificación da AEAT de non atoparse dentro do censo de declarantes.

Para o caso de ingresos que non podan ser demostrados documentalmente, requirirase unha declaración xurada do solicitante.

g.- Xustificante das contías das pensións que se perciban por parte dalgún membro da unidade familiar.

h.- Notas acadadas no curso anterior, con excepción de educación infantil e primaria.

Os ingresos a computar serán:

-Cando se presente declaración da renda; a parte xeral da renda do período

-Cando non hai declaración da renda: nóminas ou certificacións de empresas

-A estes ingresos engadiranse no seu caso, as pensións de carácter non asistencial (excluíndo polo tanto P.N.C., RISGA...) percibidas por calquera membro da unidade familiar.

Os beneficiarios das axudas dos apartados 5 e 6 deberán acreditar a súa asistencia ás clases ó longo do curso escolar, así como xustificar documentalmente as circunstancias específicas que concorran en cada caso para ter dereito á percepción das mencionadas axudas.

A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non da bolsa ou axuda.

G.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A CONCESIÓN DAS BOLSAS OU AXUDAS

O órgano competente para a aprobación das presentes Bases, interpretación das mesmas así como para a concesión das bolsas e axudas será a Xunta de Goberno Local. Non obstante, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e con carácter previo á celebración da sesión da Xunta de Goberno e para a valoración das solicitudes presentadas, reunirase a Xunta Municipal de Portavoces, asistida pola Asistente Social, Interventora Municipal, ou persoas en quen deleguen, levantándose Acta polo Secretario Municipal.

H.- FORMA DE PAGO DAS BOLSAS E AXUDAS.

O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

As axudas correspondentes ás modalidades 5 e 6 faranse efectivas de igual xeito unha vez rematado o curso escolar.

I.- VERIFICACIÓN E CONTROL

As adxudicacións de bolsas ou axudas ó estudo poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos.

Co fin de determinar os mecanismos máis adecuados de estimación real de rentas, situación económica ou situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación de bolsas ou axudas, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes ou beneficiarios de bolsas ou axudas, a presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello de Xove para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación da axuda ou bolsa.

Para intensifica-lo control que evite o fraude na documentación examinada para obter a bolsa, o Concello poderá determinar que se da ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

J. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ó estudo as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- Destina-la bolsa ou axuda á finalidade para a que se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia a clases, presentación de exames, pago de tributos e demais obrigas.
- 3.- Non ocultar calquera fonte de renda, o que poderá dar lugar á denegación da bolsa ou axuda solicitada.
- 4.- De revogarse a concesión dunha bolsa ou axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas
- 5.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que o rexen
- 6.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A resolución de concesión quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais para 2.007.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios académicos en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. Non obstante, mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou resolución de Alcaldía, poderán ser variadas as datas e os prazos de presentación de solicitudes anuais.”

D.11) SOLICITUDE DE DONA DOLORES FRAGA SÁNCHEZ DE SEGREGACION DE PARCELA SITA EN MORAS.-XOVE, POLÍGONO Nº18 PARCELAS Nº11 E 12

Dada conta do escrito presentado por D^a Dolores Fraga Sánchez con D.N.I. nº 33.992.779-K e con domicilio en Avda. do Perdouro, 36 3º D (27880 Burela) no que solicita segregación de 697,50 m2 de parcela sita en Morás, Polígono 18, e parcelas 11 e 12, segundo o deseño que se xunta.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que a parcela que se pretende segregar, encontrase dentro da área delimitada como Chan Non Urbanizable De Nucleos Rurais.-Artigo 103.Normas subsidiarias Ayto. de Xove. Chan de núcleo rural de acordo co artigo 24 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro.

De acordo coa documentación aportada, suscrita polo arquitecto Don Manuel Prieto Martinez e referida a actual normativa vixente, na que se xustifica o estipulado no artigo 13.3 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 referido a delimitación de núcleo rural consolidado e polas dimensións das parcelas, pódese realizar a segregación que se solicita, sempre e cando resulte de cada unha das parcelas segregadas, unha superficie mínima de 600 m², con fachadas ambas o vial de acceso, e posibilidade de retranquear 3 metros, calquer edificación dentro de cada unha das parcelas resultantes, cos lindes colindantes, así como as correspondentes distancias frontais e viais.

Asimismo o amparo do estipulado no artigo 205, tratase claramente dentro de unha parcela da mesma propiedade na que se pretenden separar unha parte de parcela da finca matriz, para a creación de outra nova dentro do mesmo núcleo rural e perfectamente edificables, ambas, polas superficies das mesmas e con acceso rodado consolidado, e quedando ditas parcelas edificables para unha única vivenda unifamiliar, e respetándose de este modo o espírito da Lei do Chan de Galicia de evitar a creación de urbanizacións encubertas dentro do ámbito de núcleo rural tradicional.

Por todo o anterior exposto;

Integración das parcelas dentro do ámbito de núcleo rural de Camba, parcelas superiores a 600,00 m², e ambas con fachada o vial público, informase favorablemente a segregación que se solicita, quedando a configuración definitiva da finca segregada coas superficies seguintes:

Parcela matriz nº11 e 12 do polígono 181.395,00m².-

Parcelas resultantes da segregación proposta:

Parcela A.....697,50m²

Parcela B.....697,50m²

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado do presente acordo á interesada así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.12) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2007 DE SUBVENCIÓN A CATYCRIS.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2007 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2006 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
CATYCRIS SL.	Avda. Deputación 26, 27870 Xove	Rocío Rivas Campo	Urb. Palmeiro, 59 3ºA(27879 Rigueira)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007 debendo instar prórroga para o exercicio do 2008 a partir del 31 de decembro de 2007.

3º) Recórdase ó solicitante de axuda que de conformidade coa base 8 das condicións a que se atopan suxeitos os empresarios ó abeiro deste plan “ 8) O abono das nóminas do persoal acollido ó PEM deberá efectuarse necesariamente mediante transferencia

bancaria e acreditarase copia da mesma así coma os TC1 e TC2 (documento da Seguridade Social) ante esta entidade para a percepción da axuda concedida á empresa.”
4º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.13) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDAS CONCEDIDAS.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polos solicitantes, referida ó exercicio 2007, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento das axudas concedidas segundo as bases establecidas ó efecto para os beneficiarios e polas contías que se relacionan seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Panadería San Cibrao S.L.	Mª del Mar Serantes Meitin	Xaneiro-Marzo 2007	225,50€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.14) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDAS CONCEDIDAS.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polos solicitantes, referida ó exercicio 2007, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento das axudas concedidas segundo as bases establecidas ó efecto para os beneficiarios e polas contías que se relacionan seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Catycris S.L.	Rocío Rivas Campo	Decembro 2006 ata Xullo 2007	601,33€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.15) PLANS DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDAS CONCEDIDAS A EMPRESARIOS AUTÓNOMOS.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polos solicitantes, referida ó exercicio 2007, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento das axudas concedidas segundo as bases establecidas ó efecto para os beneficiarios e polas contías que se relacionan seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do autónomo	Actividade	Períodos	Contía
Aladino Fernández Fra	Fisioterapia	Abril do 2007 - outubro de 2007.	651,08€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.16) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE SUMOAS DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Josefa Meitin Insua con D.N.I. nº 76.557.108-K, con domicilio en Torre, 7 Sumoas (Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (01/4/2007 ó 30/09/2007), iniciada a partir del 1-10-1997, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 4 de febreiro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.975,00€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.487,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.17) PADRÓN DO IAE. ALTAS DO 2º TRIMESTRE DE 2007.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local, do listado de altas no Padrón do IAE correspondentes ó 2º trimestre do exercicio de 2007, emitido polos servizos municipais de Intervención e Tesourería.

Enterada, a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, aproba-las altas reflectidas no expediente de razón, así como a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

D.18) AXUDA DE GANDERÍA A D^a BENEDICTA OTERO GONZÁLEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

A D^a Benedicta Otero González, con D.N.I. nº 33.994.512-Y, con domicilio en Loureiro, 14 (27879 Monte) por morte de un xato, por importe de 120,20€

D.19) SOLICITUDE DE D. MIGUEL LOPEZ LOPEZ E D. ALADINO JULIO LOPEZ LOPEZ, DE AGRUPACION E SEGREGACION DE PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA-XUANCES.

Dada conta do escrito presentado por D. Miguel López López, con D.N.I. nº 34.637.924-Q e con domicilio en Carretera Riobarba, 59 (27850 Viveiro) no que solicita agrupación e segregación de parcelas sitas no Parque Empresarial de Camba, segundo o deseño que se xunta.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que as parcelas a agrupación da cal e posterior segregación preténdese, de acordo coa documentación que se achega, subscrita polo enxeñeiro técnico industrial D. Federico Cotarelo Pareiro,

atópase dentro da área delimitada como Chan Industrial. Polígono Industrial de Camba .Normas Subsidiarias Ayto de Xove.

a)As parcelas resultantes, non serán menores de 400 m²., e a superficie edificable resultante, non superará a da parcela orixinaria.

b)Cada unha das novas parcelas, cumprirá cos parámetros reguladores da ordenación obtida no plan parcial así como respectar as aliñacións e retranqueos correspondentes de 5,00 metros frontal.

Acompáñase fotocopia comprensiva das Normas particulares de cada zona, así como das Normas de edificación aplicables, para as parcelas resultantes da agrupación e posterior segregación ".

*PARCELAS A AGRUPAR:

PARCELA Nº 43.....1.090,00M².-

PARCELA Nº 44.....995,00M².-

PARCELA RESULTANTE DA AGRUPACION.....2.085,00M². -

*PARCELAS RESULTANTES DA SEGREGACION:

PARCELA Nº 43.....980,00M².-

PARCELA Nº 44.....1.105,00M².-

Infórmase favorablemente a agrupación e posterior segregación das parcelas solicitadas, respectándose os parámetros apuntados nos apartados A e B.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de agrupacion e segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado do presente acordo á interesada así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.20) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA A D. JOSE MIGUEZ ABAD EN LAMABOA, 1 XOVE.

Vista solicitude presentada por D. José Míguez Abad, con D.N.I. nº: 33.706.024-F con domicilio en Lamaboa, 1 (27870Xove), para entroncamento das augas residuais da vivenda á da rede de sumidoiros, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesaria a canalización de 1.20m de tubo en acera, e a reposición das baldosas da acera; por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado á rede de sumidoiros.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.21) APERTURA DE PLAZO DE CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA ENTORNO DE VIVIENDAS HABITADAS (CONVOCATORIA 2007).

A proposta da Alcaldía e efectuada deliberación sobre o particular, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Efectuar unha convocatoria para a concesión de axudas para acondicionamento e mellora do entorno de vivendas no medio rural en solo non Urbanizable, ou solo que aínda que cualificado como urbano no dispoña dos servizos básicos establecidos na normativa urbanística vixente

2º) As axudas consistirán na concesión dunha axuda económica según as obras realizadas, por un importe máximo de 300,51€ para acondicionamento dos entornos referidos.

3º) Ábrese un prazo de presentación de solicitudes dende o día 12 de novembro ata o 15 de decembro de 2007, para acondicionamento do presente exercicio, e atenderanse as peticións presentadas na medida das disponibilidades presupostarias.

4º) As solicitudes xa presentadas o abeiro de anteriores convocatorias, ou con anterioridade á data deste acordo non deberán ser reiteradas.

5º) Mantense o sistema establecido que se compondrá das seguintes fases procedementais:

- Notificación do acordo de concesión da axuda pola Xunta de Goberno Local.
- Visita de comprobación do Arquitecto Técnico Municipal.
- Presentación de factura ante as oficinas municipais.
- Libramento da cantidade procedente según o informe do Arquitecto Técnico Municipal e a xustificación documental do gasto aportada, ata como máximo o importe acordado como límite.

D.22) AXUDA PARA OBRA NO MEDIO RURAL PARA ACONDICIONAMENTO DE CONTORNO DE VIVENDA HABITADA, INSTADA POR D^a. MARIA ANTONIA SALGUEIRO EIJO

Pola Xunta de Goberno Local, vista a solicitude, formulada por D^a. M^a Antonia Salgueiro Eijo con D.N.I. nº: 33763780 - X, con domicilio en Carballo, 8 (27878 Morás) para contorno de vivenda a acondicionar sita no mesmo lugar e visto informe favorable do Arquitecto Técnico Municipal, sempre e cando se atope aberto o prazo correspondente para as ditas axudas no medio rural, e toda vez que se abriu un prazo en data 12 de novembro de 2007, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da axuda ó solicitante, para acondicionamento de contorno de vivenda habitada ata un importe máximo de 300,51€ para o fin antedito de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local nesta materia.

2º) Unha vez rematadas as obras, o solicitante deberá avisar ó Arquitecto Técnico Municipal para que efectúe visita de comprobación.

3º) Despois da visita de comprobación o interesado presentará no Concello a factura para xustificación documental do gasto e aprobación do pago pola Xunta de Goberno Local da cantidade procedente.

D.23) SOLICITUDE ASPANANE-VIVEIRO DE AXUDA ECONÓMICA PARA MOBILIARIO DE UNIDADE ASISTENCIAL (CENTRO DE DIA)

Visto o escrito de D. Severino Basanta Ben, como Secretario de ASPANANE (Asociación de Pais de Nenos e Adolescentes con necesidades Especiais) con domicilio a efectos de notificación en Irmáns Vilar Ponte, 40 (27850 Viveiro) no que solicita unha subvención para o equipamento con mobiliario da nave sita en Lavandeiras (Viveiro)

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitido con data 12/11/2007 a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.007, aprobadas polo Pleno en sesión de 11 de xaneiro de 2.007

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 313.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 600,00€ para o financiamento de mobiliario para centro de día da ASPANANE.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 420 € correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 600€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción.

4º.- Consonte ó establecido na Base 42 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

-Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.

-Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

-Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.

-Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.

-Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir os seguintes requisitos:

-O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

-Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.

-Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.24) AXUDA DE GANDERÍA A D. DAVID ANSELMO COCIÑA MEITIN .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. David Anselmo Cociña Meitin con D.N.I. nº 77.594.179-E , con domicilio en Avda. Diputación, 68 (27870Xove) por morte de unha vaca, por importe de 570,95€

D.25) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARIA JOSEFA COUSO GARCÍA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según

as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Maria Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.972.753-A , con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de un xato por importe de 120,20€

D.26) AXUDA DE GANDERÍA A D. RAMON FRANCISCO EIJO BALSEIRO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Ramón Francisco Eijo Balseiro, con D.N.I. nº 33.991.492-E, con domicilio en Hedradas, 3 (27879 Monte) por morte de un xato por importe de 120,20€

D.27) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANGELICA GONZALEZ RODRIGUEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q , con domicilio en Labradela, 7 (27879 Rigueira) por morte de un xato, por importe de 120,20€

D.28) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANGELICA GONZALEZ RODRIGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q , con domicilio en Labradela, 7 (27879 Rigueira) por morte de unha vaca, por importe de 570,95€

D.29) ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE MULLERES BOLBORETAS SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO O 6/3/2007.

Vista solicitude de D^a Pilar Rodríguez Torres, en representación da Asociación de Mulleres Bolboretas, con CIF G-27119064 con domicilio en Antigo Colexio de Palmeiro(27879 Rigueira) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 1.203€na Xunta de Goberno Local de 6 de marzo de 2007.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 2.251,36€

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 360,90€

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezaioito horas e corenta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, expendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, certifico.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.